



NOTA DE PRENSA

Médicos hidrólogos defenden o valor da balneoterapia para tratar a nenos e adolescentes con problemas respiratorios e da pel

Salientan que mellora a calidade de vida dos menores afectados por rinite alérxica, asma infantil, bronquiolite, dermatite atópica ou psoríase

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2019 (Vía Láctea Comunicación).- Dentro das actividades da Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago e a Asociación de Balnearios de Galicia, o balneario de Caldelas de Tui acolle esta fin de semana unhas xornadas sobre a importancia da balneoterapia para tratar patoloxías respiratorias e dermatolóxicas en nenos e adolescentes. Un grupo de futuros médicos coñecerán o valor terapéutico das augas mineiromedicinais en relación a estas doenzas. As xornadas comezan mañá venres pola tarde e prolongaranse durante a mañá do sábado.

O doutor **Elías Festa Cayuela**, director médico do balneario de Caldelas de Tui, explica que as patoloxías de tipo respiratorio máis habituais que adoitan tratarse nos balnearios no caso dos nenos son a rinite alérxica, a asma infantil e a bronquiolite. “Despois do primeiro tratamento termal apréciase unha gran melloría nos pequenos, co que se consegue reducir a súa asistencia continuada aos servizos de urxencias médicas, ao tempo que se facilita o seu proceso de maduración” -asegura-. Segundo os datos aportados polo doutor **Festa**, aproximadamente o 40% dos pacientes que recibe o balneario de Caldelas de Tui son nenos.

Os expertos médicos indican que, para que os tratamentos termais sexan eficaces de cara a combater este tipo de patoloxías respiratorias, cómpre unha sesión diaria durante 9 días. En cada unha destas sesións aplícanse varios tratamentos en función da doenza e das características do paciente. O tipo de augas que se empregan para abordar as enfermidades do aparato respiratorio son as sulfuradas e as clorudadas, que se aplican a través dunha serie de técnicas, en particular inhalacións, aerosois e duchas nasais.

En relación aos problemas na pel, lógrase mellorar a calidade de vida dos menores afectados por dermatite atópica ou psoríase. Evítase así o abuso do tratamento farmacolóxico con corticoides, un medicamento con fortes efectos secundarios pouco recomendables na etapa de crecemento infantil.

As xornadas comezan mañá venres pola tarde cun percorrido polas instalacións do balneario. Logo haberá un taller práctico de fisioterapia respiratoria pediátrica, que impartirá a fisioterapeuta de Caldelas de Tui, **Társila Romero**. O sábado pola mañá os futuros médicos coñecerán a historia do balneario da man do doutor do centro, **Elías Festa**, que afondará ademais nas bases científicas do termalismo. Tamén se tratará a importancia da historia clínica termal e en que casos debe prescribirse o tratamento con augas mineromedicinais para abordar certas doenzas. De seguido os asistentes participarán nun taller termal, onde terán a oportunidade de coñecer as técnicas que se aplican en Caldelas de Tui.